



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O DIA 14 DE ABRIL DE 2011

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas (PSdG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García (PSdG-PSOE)
D. Rafael Fernández Amor (PSdG-PSOE)
D. Jesús Antonio Fernández Cal (PSdG-PSOE)
D^a. M^a. Isabel Rodríguez López (PSdG-PSOE)
D^a. M^a. Concepcion Toral Romero (PSdG-PSOE)
D^a. Olga María Mendez Carro (PSdG-PSOE)
D. Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)
D^a. M^a del Carmen Gueimunde Gonzalez (PP)
D. Celestino V. García Paz (PP)
D. Guillermo Leal Arias (Membro non adscrito)
D. Juan José Pardo Gato (Membro non adscrito)
D. Jesús Fernández Fernández (Membro non adscrito)
D^a. Raquel Atadell Giz (Membro non adscrito)
D^a. Vanesa Rego Martínez (Membro non adscrito)
D. José Antonio Goás Basanta (BNG)
D. Orlando Expósito Mariño (EU)

SECRETARIA ACCTAL

D^a Fátima Moar Rivera

INTERVENTOR

D. Fidel García Martúl

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día catorce de abril de dous mil once, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, asistido de mín, a Secretario acctal do Concello quen certifica.



Comprobada polo Sr. Alcalde-Presidente a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

1º.-APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA VINTE E UN DE MARZO DE DUOS MIL ONCE.

Pregúntase aos Señores Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer a Acta da sesión que se relaciona anteriormente, non producíndose ningunha aclaración á mesma, O Pleno da Corporación por unanimidade, acorda dar aprobación a Acta da sesión extraordinaria do día 21 de marzo de 2011.

2º.-APROBACION INICIAL SE PROCEDE, DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do dictame da Comisión informativa celebrada o día 14 de abril de 2011 que se transcribe a continuación:

“Dí o Alcalde que hoxe se dictaminou favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente, do día 14 de abril do 2011, o documento elaborado pola Empresa OTEA para a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Viveiro, que ven precedido doutras reunións, examinándose polos membros da Comisión xunto cos técnicos do Equipo redactor de OTEA e co Arquitecto Municipal, Sr. Marcos Hermida Trastoy, para a continuación facer entrega nesta sesión aos representantes dos Grupos dun exemplar do refletido Plan.

Visto os informes do Arquitecto Municipal e visto o informe Xurídico emitido polos Técnicos Municipais.

Tendo en conta, asemade, o informe emitido polo Sr. Interventor, procédese a votar o punto da Orde do Día e, a continuación, emítense o seguinte dictame:

“1º.- Sometida a votación a proposta da Alcaldía, e de seguido por todos os Grupos e coa abstención dos membros do Partido popular, dictamínase favorablemente, con quince votos a favor, para a súa adopción polo Pleno Municipal, conforme ao disposto no artigo 85 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e na Lei 2/2010, do 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002 e 7 da vixente Lei 6/2007, de medidas urxentes en materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia, os acordos seguintes:

1º.-A aprobación Inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Viveiro, redactado polo equipo de OTEA PLANS E PROXECTOS,SL,P.



2º.- A exposición pública do referido Plan así como do informe de sostenibilidade ambiental, polo prazo de dous meses, efectuándose a publicación dos anuncios correspondentes no Diarios Oficial de Galicia, na páxina do Concello, e en dous xornais de maior circulación na provincia, e simultaneamente e durante o mesmo prazo darase audiencia aos Concellos limítrofes.

3º.- Requirit das diferentes Administracións Públicas os informes sectoriais preceptivos.

4º.- A suspensión de licenzas na totalidade do ámbito do Plan efectuándose igualmente a publicación da mesma de conformidade co disposto no artigo 77 da Lei 9/2002, e da súa modificación 2/2010, polo prazo de dous anos.

5º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos e trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados."

Iníciase a deliberación intervindo, en primer lugar o Sr. Alcalde, que manifesta que hai que felicitarnos a todos, de que no prazo de tres anos e despois do traballo de todos os grupos de voceiros; tamén dos veciños, do equipo redactor, e do técnico municipal; hoxe, se presente para a súa aprobación, inicial, o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Viveiro. (PXOM).

Seguidamente, o Sr. Alcalde ven en Felicitar ao Equipo redactor da Empresa OTEA Planes y Proyectos, S.L., e tamén quer facer constar a súa felicitación ao Técnico Municipal, Arquitecto do Concello, Sr. Marcos Hermida Trastoy, quen estivo ao carón das parroquias e levou ós veciños a información precisa para que poideran opinar sobre o Viveiro que desexaban; así os vecinos informados poden manifestar o futuro que desexan e que consideran necesario para Viveiro. Engade o Sr. Alcalde, que non hai Concellos nas cercanías, que poideran levar os traballos aos veciños nos borradores, como fixo Otea e antes de ser pasado a limpo polo equipo redactor, e todo coa finalidade de que os veciños tiveran a súa opinión sobre que que querían para Viveiro.

Importancia do PXOM.- A continuación o Sr. Alcalde indica que este PXOU é fundamental para Viveiro por varios motivos; Un deles, para evitar a especulación e indefensión veciñal xa que en Viveiro non había normativa aplicable. Continúa dicindo que no ano 2006 no decreto que elaborou o Bipartito da Xunta de Galicia, sobre a necesidade da normativa provisional, naide reclamou cando dicía que en Viveiro non había normativa...

En Xuño do 2010, volve a dicir o Partido Popular da Xunta de Galicia, que en Viveiro non había normativa ante unha reclamación de modificacións das normas subsidiarias en vigor.

No ano 2008 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dice que sobre a modificación da tan manida "residencial mixta" ven en anular a modificación



porque non tivo vixencia, nin eficacia, alegando que non se pode modificar o inexistente.

De ahí a importancia de este PXOM que ven a poñer a legalidade a todas as licencias, xa que non houbo normativa en Viveiro e xa desde o ano 1986 carecia dunha base urbanística.

Igualmente, teño que recordar, que tamén co anterior Goberno de Viveiro houbo unha aprobación inicial do Plan Xeral en Septiembre do 2002, con máis de catrocentas setenta e tres reclamacións; reclamacións, que quedaron sin resolver...., reclamacións que non se contestaron ós vecinos.... e para os que minten na prensa teño que dicir que o noso Goberno tomou posesión o 15 de xuño de 2003, e nada máis que tiñamos 15 días para adaptar o Plan Xeral á nova Lei e ata o 2007 houbo que esperar por estar suspendidas as licenzas, para poder redactar un novo PXOM.

Continúa dicindo o Sr.Alcalde, tivemos que pedir unha subvención para a redacción do Plan Xeral, que primeiro foi recurrida, para que no 2008 xa nos deran unha subvención do 100 x 100, que superaba 200.000 €uros, polo que estivemos obrigados a publicar o anuncio de adxudicación do novo PXOM tamén, en base á cuantía, no Boletín da Comunidade Europea para que poideran aspirar outras empresas, polo que todo esto retrasou a adxudicación do PXOM.

Prosegue o Sr.Alcalde dicindo que quere o mellor para os veciños e para Viveiro e o seu grupo vai a votar a favor da aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Viveiro, por varias razóns; a primeira, é que é imprescindible ter un PXOM, a segunda, é que desaparece a situación de inseguridade xurídica que ten Viveiro.

Intervén o Concelleiro de Facenda Sr. Fernández Amor-PSdG-PSOE, manifestando que é fundamental que unha Cidade como Viveiro teña e necesita urxentemente un PXOM e vamos votar a favor da súa aprobación inicial.

A continuación toma a palabra D^a.M^a.del Carmen Gueimunde Gonzalez, Concelleira do P.P., quén manifesta que participou como portavoz do seu partido en varias xuntanzas e quer deixar craro que Viveiro necesita un PXOM pero que, como non é titulada no tema, tense que fiar dos informes que se emiten polo Sr.Interventor Municipal, ademáis ten coñecemento de que sempre que se convoca unha sesión plenaria xa por Lei, toda a documentación relativa ós temas a tratar na sesión, teñen que estar preparadas no prazo de dous días hábiles antes da convocatoria, pero hoxe, atópome, no medio da comisión informativa, que se me fai entrega do documento do proxecto do PXOM para que tiveramos coñecemento de cómo vai e ,como é lóxico, non da tempo de nada e tampouco se entregou o CD nin diskette,que se iba a entregar a todos os portavoces porque, a día de hoxe, o noso Grupo no no temos.



Continúa dicindo a concelleira do PP, Nos, non podemos decidir sin estudar a documentación para a que se require tempo, por outra banda, vemos que o informe de Intervención indica que non se xustifica a capacidade financeira para o PXOM polo que incumpre a legalidade e, por todo iso, o noso Grupo do Partido Popular, vai votar abstención; pero non, por isto, quero dicir, que non sexa bo o PXOM para Viveiro....

Intervén a continuación o Sr. Antonio Goás Basanta, representante do BNG, que manifesta que o problema da capacidade financeira, que alude o Sr. Interventor, habería tempo suficiente para a subsanación con un orzamento e tamén esta aprobación podería ser un pouco antes, ou deixala para a próxima corporación.

Continúa dicindo o Sr. Goás Basanta que Viveiro non pode estar sen un Plan Xeral, aínda que este é un Plan de urxencia, polo que hai que estar atento ás alegacións, e xa a próxima corporación, que lle vai tocar resolver as alegacións ós compañeiros, que veña con criterios racionais, pero todos somos conscientes de que este Plan non vai amañar o problema de Viveiro, como a desfeita de Cantarrana e Covas; ou a Veiga en Celeiro, ou o Paraíso; etc, todo eso é por ter un desenrolo urbanístico anárquico. Remata dicindo que como visión política hai que felicitar ao Sr. Alcalde e tamen desexo aclarar que cando se presentou o Plan nas parroquias tampouco se citou a todos, esta é a miña opinión, e finalmente digo que seu Grupo vai votar a favor da aprobación inicial do PXOM .

Intervén a continuación o Concelleiro de E.U., Sr. Orlando Expósito Mariño, e dí que xa fai máis de vinteoito anos que se pedía un PXOM e cando aprobamos o Plan inicialmente no ano 2002, non se contestaron as alegacións. Desde logo, continúa dicindo o representante de E.U., sei que este Plan tampouco vai mellorar a catástrofe urbanística que estamos a vivir, pero vamos votar a favor e felicitar ao equipo redactor do proxecto, quero agradecer publicamente esta disponibilidad que tiveron para o Grupo político e para os veciños.

Intervén a continuación o Portavoz do Grupo non Adscrito, Sr. Leal, quen manifesta que o seu Grupo vai apoiar a aprobación deste PXOM aínda que creamos que é mellorable e a pesar do informe do Sr. Interventor, que dí que non se xustifica a capacidade financeira do Concello para executar o Planeamento polo que se incumpre a legalidade vixente, nos vamos a votar a favor, xa que é preciso buscar os medios e non poñer trabas para que se desenrole un pobo. Esperamos non perder a subvención, pois a ver si, por non ter as contas o día..., imos a perder a subvención do PXOM.

Para rematar, continúa dicindo o Sr. Leal, quero felicitar ao equipo redactor de OTEA; ó Arquitecto municipal, Sr. Marcos Hermida Trastoy que nos levou



da man a todos os portavoces dos grupos para darnos todas ás explicacións precisas.

Intervén o Sr. Alcalde que agradece as intervencións dos portavoces dos Grupos, pero antes de rematar, quer facer varias aclaracións; Dícese que os informes non estaban con tempo e por eso ven en engadir que se tiveron varias reunións cos voceiros dos Grupos para o PXOM e tamen que se entregaron a todos os portavoces dos Grupos copias do escrito que a Xunta pretendía variar coas enmendas. Houbo un documento, elaborado, asinado con todas as pegas, que foi aprobado, por unanimidade, este entregouse a todos os portavoces e todos tiñan coñecemento.

Prosegue o Sr. Alcalde, manifestando que referente ao informe do Sr. Interventor non me queda mais remedio que respectarlo pero non teño obligación de seguilo.

Finalizado o debate, o Sr. Alcalde-Presidente somete o asunto a votación ordinaria co seguinte resultado:

- Votos a favor: QUINCE, que resultan ser: (OITO (8) dos concelleiros do PS de G-PSOE, CINCO (5) Grupo non adscrito), UN (1) do concelleiro do BNG, UN (1) do concelleiro de EU)
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: DÚAS (2) dos concelleiros do PP.

A vista do resultado, e visto o informe do Interventor Municipal de data 11 de abril de 2011, o Pleno da Corporación, por MAIORÍA ABSOLUTA, dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o documento do PXOM do Concello de Viveiro redactado pola empresa OTEA

SEGUNDO: Someter a trámite de consultas o informe de sostibilidade ambiental e a información pública o expediente e documentos que desenvolven as determinacións do mencionado PXOM mediante a inserción dos correspondentes anuncios no DOG e en dous xornais de maior difusión na provincia, durante o prazo de dous meses contados dende dita publicación, dando audiencia aos municipios limítrofes polo mesmo periodo.

TERCEIRO: Requirir das diferentes Administracións Públicas os informes sectoriais preceptivos

CUARTO: Suspender ao abeiro do artigo 77 da LOUPMRG as licenzas de parcelación e obras de nova edificación en todos os ámbitos afectados por variacións



do PXOM proposto con respecto á ordenación anterior, durante o prazo de dous anos ou ata a aprobación definitiva do plan, se fose inferior

Para estes efectos, indicáanse como ámbitos afectados polas anteditas variacións os seguintes:

I. Ámbitos de solo urbano:

- a. Nos ámbitos dos polígonos de solo urbano non consolidado recollidos no PXOM aprobado inicialmente e identificados coma P1, P2, P3, P4, P5, P6, P7, P8, P9, P10, P11, P12, P13, P14, P15, P16, P17, P18, P19, P20, P21, P22 e P23.
- b. Nas zonas de ordenación de solo urbano consolidado de baixa densidade, segundo a normativa vixente, que estén clasificadas no PXOM aprobado inicialmente coa ORDENANZA 1. Pechada, a ORDENANZA 2. Aberta, a ORDENANZA 5. Industrial-comercial, a ORDENANZA 6. Dotacional, ou a ORDENANZA 7. Espazos libres.
- c. Nas zonas de ordenación de solo urbano consolidado de media densidade, segundo a normativa vixente, que estén clasificadas no PXOM aprobado inicialmente coa ORDENANZA 2. Aberta, a ORDENANZA 3. Unifamiliar, aqueles ámbitos a ORDENANZA 5. Industrial-comercial, a ORDENANZA 6. Dotacional, ou a ORDENANZA 7. Espazos libres.
- d. Aqueles ámbitos ou zonas do solo urbano consolidado onde o PXOM aprobado inicialmente estableza aliñacións ou rasantes diferentes as establecidas na normativa vixente.

II. Núcleos rurais da normativa vixente.

**SANTO ANDRE DE BOIMENTE
(SANTO ANDRE)**

CABANAS (AS)
CASTIÑEIRAS
FONTAO
GALIÑEIRO (O)
LAMAS
PEREIRO
PIÑEIRO
PUMARIÑO (O)
RAMOS (OS)

COVAS (SAN XOAN)

PARDIÑÁS
SOUTULLO (O)

CHAVIN (SANTA MARIA)

ALLARES



COTO (O)
LOMBO (O)
PEDREGAL (O)
PENA (A)
VILAR (O)

GALDO (SANTA MARIA)

CERDEIRAL (O)

MAGAZOS (SANTA MARIA)

ARALDE
CARREIRA (A)

VALCARRIA (SANTO ESTEVO)

VASOIRAL (O)

VIEIRO (SAN CIBRAO)

ESTACADA
PENA (A)

- III. Parte dos seguintes núcleos rurais da normativa vixente que están excluídos da delimitación de solo de núcleo rural no PXOM aprobado inicialmente.

**SANTO ANDRE DE BOIMENTE
(SANTO ANDRE)**

ABUIN
BOIMENTE
CASANOVA (A)
CELEIRO (O)
CONDOMIÑAS DE ABAIXO
CONDOMIÑAS DE ARRIBA
CUIÑA
FONDAIA
FONTE (A)
LAMA (A)
LEÁS (OS)
MORGAGE
PALLAREGA (A)
PENOUCO (O)
REBOIRAS
ROZADA (A)

COVAS (SAN XOAN)

COMIÑOS
ESOURIDO
FORO (O)



LAXE (A)
PALLAREGAS
PATARROA
RIQUIAN

CHAVIN (SANTA MARIA)

CHAOS
ESCORA (A)
NOGARIDO
OUTEIRO (O)
RUBEIRA (A)

FARO (SAN XIAO)

ALDEA (A)
AUGADOCE
BRIEIRO (O)
CASTELO (O)
FARO

GALDO (SANTA MARIA)

ABELLEIRA (A)
ALTAMIRA
BARALLA
BATAN (O)
CARBALLO (O)
CATAROU
CORREDOIRA (A)
ERMOSENDE
FORNELA
GUISTILÁN
IGREXA (A)
INSUA (A)
LAGOA (A)
MALLO
OUTEIRO (O)
PAINCEIRA (A)
PE DA RUBA (O)
PEDROSAS (AS)
PENAHEDRÁ
PONTIGO (O)
PORTOCHAO
REGO DE CASTRO (O)
SAN MARTIÑO
SAN MIGUEL
TRABE (A)
VALADO (O)
VILAR



XABARIZ
XIMARREIRA

LANDROVE (SAN XIAO)

CALVARIO
CALZADA (A)
PENAXUNTA
PORTOCIÑO (O)
PORTOCIÑO DE ARRIBA (O)
TELLEIRA (A)
TOXEIRAS

MAGAZOS (SANTA MARIA)

CHOUSELA
ORXAL (O)
OUTEIRO (O)
PRADO
ROSA (A)

VALCARRIA (SANTO ESTEVO)

CORA
CORREDOIRA (A)
FORXÁN
OUTEIRO (O)
PAXARIÑA (A)
SUASBARRAS
TORRE (A)
VALADO (O)
VILAMEA
XUNCAL (O)

VIEIRO (SAN CIBRAO)

CABANA (A)
MALAGON

**SANTA MARÍA E SANTIAGO DE
VIVEIRO**

PIRIXEL
SANTO ALBITES

**SAN PEDRO DE VIVEIRO (SAN
PEDRO)**

ALFEIRA
AURÁ
BARRAL DE ABAIXO (O)
BARRAL DE ARRIBA (O)
BARREIRA
FLORIDA
IGREXA (A)
MUIÑOS



PEDROUZOS
SOBRADO
TRONOS
VALDEMIRÓS

- IV. OS seguintes ámbitos clasificados coma solo rústico, núcleo rural ou solo urbano na normativa vixente e clasificados coma solo urbanizable no PXOM aprobado inicialmente, SURB01, SURB02, SURB03, SURB04, SURB05, SURB06, SURB07, SURB08, SURB09, SURB10, SURB11, SURB12, SURB13 E SURB16
- V. Ambitos en calquera clase de solo urbano, núcleo rural, urbanizable ou rústico clasificado pola normativa vixente nos que o PXOM aprobado inicialmente sitúe equipamentos, dotacións ou espazos libres non previstos na normativa vixente.
- VI. Edifícios e bens de carácter etnográfico que se inclúan no catálogo do PXOM aprobado inicialmente, excepto aqueles que se autoricen simultaneamente pola normativa vixente e polo PXOM aprobado inicialmente segundo o nivel de catalogación que corresponda.
- VII. Solos afectados por bens de carácter arqueolóxicos que se inclúan no catálogo do PXOM aprobado inicialmente, e identificados coma solo rústico de especial protección de patrimonio, así coma a súa área de respecto, excepto aqueles que se autoricen simultaneamente pola normativa vixente e polo PXOM aprobado inicialmente segundo o nivel de catalogación que corresponda.

QUINTO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos e trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

3º.- PROPOSTA DE APROBACION DE TARIFAS PARA A PISCINA MUNICIPAL.

Polo Sr. Alcalde formúlase unha proposta que dí textualmente:

“A ordenanza fiscal núm 37 reguladora da taxa pola prestación de servizos na piscina municipal climatizada de Viveiro, aprobada con data 2 de decembro de 2010, que incorpora, loxicamente, o abonos da piscina nas distintas modalidades, non contempla as situacións daquelas persoas que teñen unha discapacidade na cal necesiten dun acompañante para as actividades previstas na piscina municipal.”



Tendo en conta que as porcentaxes de discapacidade a partir das cales se considera preciso contar cun acompañante son de 75%, segundo valoración do Inerso, e de gran invalidez, segundo valoración do Sergas.

Tendo en conta que unha das funcións da administración pública é atender as necesidades específicas dos distintos colectivos sociais é polo que se propón ao Pleno do Concello de Viveiro a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Modificar a ordenanza fiscal núm. 37 nos seguintes aspectos:

No artigo 5.2, engadir que as persoas empadroadas no Concello de Viveiro que acrediten ter recoñecida unha discapacidade do 75%, segundo valoración do Ineso, e de gran invalidez, segundo valoración do Sergas, estarán --- exentas da cota de abono individual; esta circunstancia deberá ser acreditada polos Servizos Sociais Municipais.

No artigo 5.2 engadir que as persoas empadroadas no Concello de Viveiro que acrediten realizar as funcións de acompañante para persoas cunha discapacidade do 75%, segundo valoración do Inerso, e de gran invalidez, segundo valoración do Sergas, estarán exentas da cota de abono individual mentres realicen esta función: esta circunstancia deberá ser acreditada polos Servizos Sociais Municipais.

No artigo 5.2, engadir que as tarifas para colectivos con discapacidade inferior ao 75%, segundo valoración do Inerso, e de gran invalidez, segundo valoración do Sergas, poderán ser negociadas e modificadas coas asociacións representativas destes colectivos, mediante acordo plenario.

Obsérvase que no expediente figura coa data de 13 de abril de 2011, un informe da Intervención que, entre outros, indica que de adoptarse acordo conforme a esta proposta debe entenderse nulo por ausencia de fiscalización previa e infracción de normas de superior rango a la Ordenanza fiscal municipal conforme ao artigo 62.2 da Lei 30/1992.

Rematada a lectura, pola Presidencia declárase aberto o debate.

Seguidamente, intervén D. Rafael L. Fernández Amor, concelleiro do PSdG-PSOE, para indicar que o seu Grupo vai votar a favor e así consta xa na comisión informativa convocada para este fin.

A continuación, intervén a voceiro do grupo municipal do PP, Dona Maria del Carmen Gueimunde Vila, que destaca que esta proposta da Alcaldía para deixar exentas do pago de tarifas da piscina a persoas que tiñan un 75% de minusvalía e tamén ao acompañante, é unha maneira que parece correcta, pe-



ro co informe do Sr. Interventor o noso Grupo vamos a inclinarnos pola abstención.

Intervén o voceiro do grupo municipal do BNG, D. José Antonio Goas Barranta, que está a favor da proposta da Alcaldía e de acordo que disfruten da piscina gratis, a pesar do informe do Sr. Interventor, xa que primeiro temos que ter en conta a esta xenté, remata.

Seguidamente, toma a palabra o vocero do grupo municipal de EU, D. Orlando Expósito Mariño, para indicar que se deú conta da importancia que ten a piscina agora que estivo pechada e que viu que se interesaban polo funcionamento da mesma, xenté que ten prescripción médica para facer exercizo e utilizala, por todo eso vexo ben a proposta da Alcaldía e paréceme correcta, e vou votar a favor a pesar do informe do Sr. Interventor.

Intervén D. Guillermo Leal Arias (Membro do Grupo non adscrito) para indicar que é de sensibilidade social, independentemente do informe do Sr. Interventor, pensamos que ós vecinos temos que darlles un servizo e ao mesmo tempo facemos unha labor social.

Remtadas as intervencións dos concellerios pertencentes ós grupos municipais, o Sr. Alcalde-Presidente somete a proposta a votación ordinaria co seguinte resultado:

Votos a favor: QUINCE votos a favor, que resultan ser: (OITO (8) dos concelleiros do PSdG-PSOE, CINCO (5) Grupo non adscrito), UN (1) do concelleiro do BNG, UN (1) do concelleiro de EU.

- Votos en contra: Ningún.

- Abstencións: DUAS (2) dos concelleiros do PP.

A vista do resultado, e visto o informe do Interventor Municipal de data 11 de abril de 2011, o Pleno da Corporación, por MAYORÍA ABSOLUTA, dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión ,acorda:

PRIMEIRO.- Modificar a ordenanza fiscal núm. 37 nos seguintes aspectos:

No artigo 5.2, engadir que as persoas empadroadas no Concello de Viveiro que acrediten ter recoñecida unha discapacidade do 75%, segundo valoración do Inserso, e de gran invalidez, segundo valoración do Sergas, estarán exentas da cota de abono individual; esta circunstancia deberá ser acreditada polos Servizos Sociais Municipais.

No artigo 5.2 engadir que as persoas empadroadas no Concello de Viveiro que acrediten realizar as funcións de acompañante para as persoas cunha discapacidade do 75%, segundo valoración do Inserso, e de gran invalidez, segundo valoración do Sergas, estarán exentas da cota de abono indivi-



dual mentres realicen esta función: esta circunstancia deberá ser acreditada polos Servizos Sociais Municipais.

No artigo 5.2, engadir que as tarifas para colectivos con discapacidade inferior ao 75%, segundo valoración do Insero, e de gran invalidez, segundo valoración do Sergas, poderan ser negociadas e modificadas coas asociacións representativas destes colectivos, mediante acordo.

SEGUNDO.- Someter esta modificación das tarifas da ordenanza fiscal número 37 a exposición pública no boletín oficial da provincia, polo prazo de quince días, a efectos de examen e reclamacións.

4º.- APROBACION DEFINITIVA DAS CONTAS XERAIS DOS EXERCICIOS 2007 E 2008.

Polo Sr. Alcalde indícase ao Pleno corporativo que, vistos os expedientes tramitados para a aprobación das Contas Xerais dos exercizos 2007 e 2008, e tendo en conta que as devanditas Contas Xerais foron conformadas polo Sr. Interventor e informadas favorablemente pola Comisión Especial de Contas, reunida en sesión de data 2 de febreiro de 2011, e tras ser expostas ao público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 044, de 23 de febreiro de 2011, sen que houbera reclamacións as mesmas.

Pola Presidencia declárase aberto o debate do presente asunto e indica que sobre este tema vai comentar tres cuestións.

A primeira cuestión, é que houbo un requerimento do Tribunal de Contas, tamén a outros municipios, xa que non foron adxuntadas as contas dos anos 2006, 2007 e 2008, dentro dos prazos establecidos ó efecto. Continúa dicindo que as contas do ano 2006 foron aprobadas pero non foron enviadas porque o Sr. Interventor dixo que non tiña coñecemento para enviar as contas no soporte informático.

Seguidamente, continúa dicindo o Sr. Alcalde, que él é o responsable de rendir as Contas, as do ano 2007 legalment tiñan que estar conformadas polo Sr. Interventor antes de maio do ano 2008, pero foron entregadas en xaneiro do ano 2009. Posteriormente foron rexeitadas polo Pleno e despois en novembro de ano 2010 foron entregadas as Contas dos anos 2007 e 2008.

Estas Contas viñeron ao Pleno no mes de febreiro do ano 2011, polo que foron conformadas polo S. Interventor fora de prazo e tempo.

A segunda cuestión, é que coa data de 3 de marzo o Trbunal de Contas impúxolle ao Sr. Alcalde unha multa de 232 €uros por non enviar as Contas no tempo, aínda que se remitiu o anuncio da exposición ao público, e a pesar de que a sanción esteña recurrida haina que pagar.



A terceira cuestión, é que si se aproban nesta sesión xa temos contratada unha empresa para enviar a documentación ao Tribunal de Contas en soporte informático, do contrario a sanción ascendería a 800 euros cada mes.

Intervén o concelleiro do Grupo non adscrito, D. Guillemo Leal, que xustifica a súa abstención neste asunto por varios motivos: un deles é que obsérvanse diferencias coas contas presentadas anteriormente e que hai moitos documentos sin asinar, no informe do secretario advértense unha serie de deficiencias na confección, así como que existen follas ilexibles. Tamén que as certificacións bancarias fallan a fin de exercizo e que esa Contas non eran as mesmas que as Contas que se habían dado para aprobar. Continúa dicindo que sabe a importancia que ten ter estas Contas ó día para conseguir as subvencións, pero nos non queremos ser cómplices dunhas Contas que hai diferencias e que son distintas sin saber o porqué. O noso Grupo vai votar, cando menos, abstención.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde e agradece que non se vote en ---- contra, pero continúa dicindo que se lle ocorre que si se pón un añadido a esta aprobación neste senso:

"Solicitar ao Tribunal de Contas remita a este Concello copia do que se lles envía para verificar que o que se aproba aquí, nesta sesión plenaria, é igual ao que recibe o Tribunal de Contas."

Estando conformes todos os concelleiros con este engadido que dí o Sr. Alcalde, e non producíndose mais intervencións, sométese o asunto a votación.

O Pleno da Corporación, por UNANIMIDADE, acorda:

PRIMEIRO

1º.-Aprobar definitivamente o Estado e Conta Xeral corresponde ós exercicios económicos 2007, integrada pola da propia Entidade Local, así como os seus anexos e xustificantes.

2.-Proceder á súa rendición ó Tribunal de Contas a Conta Xeral correspondente ao exercizo 2007 debidamente aprobada, en aplicación do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das Fachendas Locais e conforme o disposto na lei reguladora do citado órgano de control e fiscalización.

Seguidamente someten a votación a aprobación da Conta xeral de 2008.

SEGUNDO

O Pleno da Corporación, por UNANIMIDADE, acorda:



1º.-Aprobar definitivamente o Estado e Conta Xeral corresponde ós exercicios económicos 2008, integrada pola da propia Entidade Local, así como os seus anexos e xustificantes.

2.-Proceder á súa rendición ó Tribunal de Contas a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2008 debidamente aprobada, en aplicación do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das Fachendas Locais e conforme o disposto na lei reguladora do citado órgano de control e fiscalización.

5º.-RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE GASTOS CORRENTES

O Sr. Alcalde-Presidente da Corporación Municipal da lectura do dictame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de data 14 de abril de 2011, relativa ás propostas da Alcaldía que se dictaminou favorablemente.

A continuación intervén o Sr. Concelleiro Delegado de Facenda en orde á incoación de expediente 14/2011 de recoñecemento extraxudicial de créditos, quen xustifica a necesidade de imputar ó presuposto corrente obrigacións derivadas de suministros de bens e prestación de servizos levados a cabo en exercizos anteriores non imputados no seu momento pola inexistencia de consignación presupuestaria, acompañándose relación detallada de facturas debidamente conformadas polos responsables dos distintos servizos.

Visto asemade o informe emitido polo Sr. Interventor Municipal sobre o Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 14/2011.

Tendo en conta que non obstante o establecido no artigo 173.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Fachendas Locais, ha de facerse fronte aos gastos realizados pois o impago, so pretexto da falta de consignación presupuestaria, produciría un enriquecemento inxusto e sin causa para a administración e que impón a compensación do beneficio económico recibido.

Prosegue o Sr. Delegado de Facenda, concelleiro do Ps de G-PSOE, D. Rafael L. Fernández Amor e fai fincapé en que ten que pagar os gastos executados, e quer agradecer ós veciños, empresarios e persoas que facilitaron servizos, traballo e tiveron paciencia e calma pola espera de que este concello abonara os gastos.

A continuación continúa e pasa a reseñar algunha das facturas e explica que hai facturas como é un pago de 27.000 €uros dunha cuberta da escola ta-



lles, con informe urxente para facelo do arquitecto que non se pode deixar a cuberta en descuberto. Tamen hai facturas de prevención de riscos dos traballadores que non consta o contrato pero hai convenio asinado polo Alcalde: outras, sobre o mantemento do reloxio de Santa María; outras, de hospedases dun tribunal para cursos e que teñen asinado un convenio. Todas estas facturas témolas que pagar, remata.

Intervén a concelleira do PP, Dona M^a Carmen Gueimunde Vila, quen considera que é importante que toda empresa que traballe, debe cobrar e todos os que faciliten os servizos para o Concello de Viveiro hai que pagarlles os servizos prestados, pero o informe da Intervención Municipal é concretamente á calificación que do recoñecemento extraxudicial de crédito fai como reflexo dunha situación de mala xestión do gasto municipal que trata de dar solución á existencia de obrigas de pago sen crédito orzamentario. Isto haíno que corrixir elaborando uns Orzamentos Municipais, entón en vista desto o noso Grupo vai votar ausencia.

Intervén o concelleiro do BNG, D. José Antonios Goás Basanta, quen manifesta que hai unhas facturas pero que non coñece o resto do listaxe e entón vai absterse na votación.

Seguidamente intervén D. Orlando Expóstio Mariño, voceiro do Grupo de EU, quen manifesta que él vai votar a favor xa que hai que pagar os servizos prestados e deste xeito non terán que ir ao xulgado para que se lles pague por sentenzas como estamos acostumados da outra corporación.

Intervén o concelleiro do Grupo non adscrito, D. Guillermo Leal quen manifesta que hai incongruencias con respecto ós apartados e contas ós que se dirixe estes cambios de partida. Continúa dicindo que o seu Grupo vaise abster xa que duda de que as cantidades das partidas sexan as que constan aquí porque hai remanentes de exercizos anteriores que non se incorporan neste.

Finalizado o debate, o Sr. Alcalde-Presidente somete a aprobación do pleno o recoñecemento extraxudicial de crédito para gastos correntes de facturas que ascende a 929.693 €.

Votos a favor: NOVE (9) dos concellerios do PS d G-PSOE e de E.U.

Abstencións: OITO (8) dos concelleiros de: DOUS (2) dos concelleiros do P.P. (D^a. M^a de Carmen Gueimunde González y D. Celestino V. García Paz. UN (1) do concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta e CINCO (5) dos concelleiros do Grupo non adscrito, D. Guillermo Leal Arias, Dona Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, Dona Vanesa Rego Martinez, D. Juan José Pardo Gato.

Votos en contra: Ningún.



O Concello Pleno acorda, con nove votos a favor, a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 14/2011 e aprobar e declarar de abono a relación de gastos seguinte:



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

220110001563	ADO		14/04/2011	2011	923 226	148.939,02	A82741067 / COMPAÑIA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES S.A
22011000706		07VE000074			GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	148.939,02	FRA. 07VE00074 CANON XESTION DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SOLIDOS URBANS OUTUBRO,NOVEMBRO,DECEMBRO,07
220110001564	ADO		14/04/2011	2011	920 609	21.213,87	A28220606 / AQUAGEST,S.A.
22011000707		257-5/7 F			OTRAS INVERS NUEVAS EN INFRAEST Y BIENES DEST AL USO GRAL	21.213,87	FRA.257-5/7 F ANULAR TUBERIA DE HF DE 200 QUE PASA POR FINCA PRIVADA E INSTALALA POLA CUNETA (COVAS)
220110001565	ADO		14/04/2011	2011	923 226	13.340,00	A15000649 / LA VOZ DE GALICIA,S.A.
22011000708		P08/4724			GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	13.340,00	FRA.P08/4724 PUBLICIDADE ESPECIAL SEMANA SANTA 20-3-08
220110001566	ADO		14/04/2011	2011	920 625	9.646,70	B15633258 / SUTEGA MOBILIARIO, S.L.U.
22011000709		A8/1156			MOBILIARIO.	9.646,70	FRA.A8/1156 MOBILIARIO DESPACHO ALCALDIA, SALA DE XUNTAS, TTE. ALCALDE, 9 PARAGUEROS E 9 PERCHEROS OFICINAS MCPAIS.
220110001567	ADO		14/04/2011	2011	923 226	602,91	B27000637 / EL PROGRESO,S.L.
22011000710		1-6153			GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	602,91	FRA.1-6153 PUBLICIDADE ANUNCIO POLIGONOS INDUSTRIAIS II DATA 04/06/08
220110001568	ADO		14/04/2011	2011	923 226	520,00	B27000637 / EL PROGRESO,S.L.
22011000711		7-7100			GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	520,00	FRA.7-7100 ENTREGA DE 500 EXEMPLARES O PROGRESO A MARIÑA DIA 14/07 E 500 EXEMPLARES 15/07/2008
220110001569	ADO		14/04/2011	2011	923 226	606,10	B27000637 / EL PROGRESO,S.L.
22011000712		1-7100			GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	606,10	FRA.1-7100 PUBLICIDADE PARQUE EMPRESARIAL DE CHAVIN E LANDROVE DIA 02/07/2008
220110001570	ADO		14/04/2011	2011	923 226	730,80	B27000637 / EL PROGRESO,S.L.
22011000713		1-7103			GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	730,80	FRA.1-7103 PUBLICIDADE DIA 25/07/2008 DE DIA DA PATRIA GALEGA
220110001571	ADO		14/04/2011	2011	920 632	22.673,36	33994666E / CASABELLA MARTINEZ, PIEDAD
22011000714		A/31			EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES.	22.673,36	FRA.A/31 POR TRABALLOS DE RECHEO,COLOCACION DE DIQUE E CANALIZACION DE DESAGUES DO MATADOIRO
220110001572	ADO		14/04/2011	2011	923 226	47,14	A27142462 / SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO,S.A. (CANON)
22011000715		0/JKP04063 806353			GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC.	47,14	FRA.806353 REF.JKP04063 4419 COPIAS FOTOCOPIADORA 1º PLANTA OF. ALCALDIA DE 28-7/27-8-2008



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

EXTRAXUDICIAL

220110001573 22011000716	ADO 1-8171	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	730,80 730,80	B27000637 / EL PROGRESO,S.L. FRA.1-8171 ANUNCIO PUBLICIDADE SON E ARTE FESTAS VERAN 2008 DIAS 12/08-13/08-15/08/2008
220110001574 22011000717	ADO 1-8172	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	812,00 812,00	B27000637 / EL PROGRESO,S.L. FRA.1-8172 ANUNCIO PUBLICIDADE CONCELLO VIVEIRO- SAN ROQUE FESTAS VERAN 2008 DIAS 14/08/2008
220110001575 22011000718	ADO 3-27656	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	91,95 91,95	B27000637 / EL PROGRESO,S.L. FRA.3-27656 SUSCRIPCION A "EL PROGRESO" BIBLIOTECA MCPAL. PERIODO 01/07-30/09/2008
220110001576 22011000719	ADO 9.615	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	1.675,62 1.675,62	B27116342 / S.G.MADERERA DE VILARES, S.L. FRA.9.615 SERVICIO DE ALMORZO DE 87 PERSOAS GRUPOS HARDCORE 1-8-08 FESTAS VERAN 2008
220110001577 22011000720	ADO 0/JKP04063 807190	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	49,62 49,62	A27142462 / SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO,S.A. (CANON) FRA.807190 REF.JKP04063 2735 COPIAS FOTOCOPIADORA 1º PLANTA OFICINAS ALCALDIA DE 27/08/02008 ATA 26/09/2008
220110001578 22011000721	ADO 1-9167	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	368,88 368,88	B27000637 / EL PROGRESO,S.L. FRA.1-9167 PUBLICACION 11/09/2008 DE CONVOCATORIA DE DUAS PRAZAS DE PROFESORES DE MUSICA
220110001579 22011000722	ADO 1-9169	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	329,44 329,44	B27000637 / EL PROGRESO,S.L. FRA.1-9169 PUBLICACION DIA 26/09/2008 DE ANUNCIO "CONCELLO DE VIVEIRO-COMPROMETIDO CO DEPORTE
220110001580 22011000723	ADO 0/JKP04063 806632	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	4.078,33 4.078,33	A27142462 / SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO,S.A. (CANON) FRA.806632 DIFERENCIA PRECIO EN COSTE DE COPIA COLOR FOTOCOPIADORA 1º PLANTA ALCALDIA PERIODO 30/12/05 ATA 27/08/08
220110001581 22011000724	ADO 18/2008	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	214,00 214,00	G27016419 / CASINO DE VIVEIRO FRA.18/2008 AXUDA PARA PAGO DE PINCHOS NA CELEBRACION DO 10º ANIVERSARIO DO CORO DO CONSERVATORIO DIA 10/02/08



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

220110001582 22011000725	ADO 19/2008	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	267,50 267,50	G27016419 / CASINO DE VIVERO FRA.19/2008 AXUDA PARA PAGO DE PINCHOS DO CONCERTO DE ADULTOS 25 ANIVERSARIO DO CONSERVATORIO DIA 06/06/08
220110001583 22011000726	ADO 10.338	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	500,01 500,01	B27116342 / S.G.MADERERA DE VILARES, S.L. FRA.10.338 POLOS SERVIZO DE ALOXAMENTOS DE PERIODO 04/10/2008 ATA 12/10/2008 DO CELEIRIÑO
220110001584 22011000727	ADO 1-10122	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	602,91 602,91	B27000637 / EL PROGRESO,S.L. FRA.1-10122 ANUNCIO POLIGONOS INDUSTRIAIS PARQUE EMPRESARIAL DE LANDROVE E CHAVIN DIA 01/10/2008
220110001585 22011000728	ADO 1-11869	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	812,00 812,00	B27000637 / EL PROGRESO,S.L. FRA. 1-11869 ANUNCIO ESPECIAL CONCELLO DE VIVEIRO DESEXALLES UN FELIZ NADAL, 2008-09
220110001586 22011000729	ADO 1-11867	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	184,44 184,44	B27000637 / EL PROGRESO,S.L. FRA. 1-11867 ANUNCIO OBRAS SUBESTACION DE BOIMENTE E MAGAZOS E. ON DISTRIBUCIONES S.L.
220110001587 22011000730	ADO 0/CJB13900 809658	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	495,95 495,95	A27142462 / SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO,S.A. (CANON) FRA. 809658 MANTENIMENTO FOTOCOPIADORA DE SERVIZOS SOCIAIS 31-12-08/30-12-09
220110001588 22011000731	ADO 1-10998	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	602,91 602,91	B27000637 / EL PROGRESO,S.L. FRA. 1-10998 ANUNCIO PUBLICIDADE ESPECIAL POLIGONOS INDUSTRIAIS 5-11-08
220110001589 22011000732	ADO 0/JKP04063 808609	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	197,35 197,35	A27142462 / SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO,S.A. (CANON) FRA. 808609 3486 COPIAS FOTOCOPIADORA OFICINAS ALCALDIA DE 30-10/26-11-08
220110001590 22011000733	ADO 0/JKP04063 808767	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAXUDICIAL	372,41 372,41	A27142462 / SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO,S.A. (CANON) FRA. 808767 MANTENIMENTO FOTOCOPIADORA OFICINAS ALCALDI DE 31-12-08/31-12-09
220110001591 22011000734	ADO 0/UHK04750 809432	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC.	177,77 177,77	A27142462 / SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO,S.A. (CANON) FRA.809432 REF. UHK04750 13064 COPIAS CONSERVATORIO DE MUSICA DE 25-8/19-12-08



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

EXTRAJUDICIAL

220110001592 22011000735	ADO P08/27122	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	881,60 881,60	A15000649 / LA VOZ DE GALICIA,S.A. FRA. P08/27122 ANUNCIO PUBLICIDADE VIVEIRO ANTE O BERCE FESTAS NADAL 2008/09
220110001593 22011000736	ADO N9-48	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	7.830,00 7.830,00	B15078892 / HERCULES DE EDICIONES FRA. N9-48 30 EXEMPLARES TOMOS 32-33, 30 EXEMPLARES TOMO 34 GALICIA PARA SOÑAR
220110001594 22011000737	ADO 3/009	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	6.380,00 6.380,00	77591638B / EIJO CANOURA, CESAREO FRA.Nº 3/009-ALQUILER CARPA CONCENTRACION CANS-FEIRA 2008
220110001595 22011000738	ADO 295/2009	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	1.397,99 1.397,99	B27235555 / FUTURES INFOGRAFIA, S.L. FRA.Nº 295/2009-DISEÑO CARTEL E FOLLETO ANTROIDO, IMPRESIONS FLAYERS COMICOS, FOLLETOS ANTROIDO E CARTEL COMICOS
220110001596 22011000739	ADO 900000046	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	73,86 73,86	A28220606 / AQUAGEST,S.A. FRA.Nº 257900900000046-INSTALACIÓN DE CONTADOR PARA LOCAL DE CARITAS
220110001597 22011000740	ADO 90300	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	2.900,00 2.900,00	A15073356 / RADIO TELEVISION GALICIA S.A. FRA.Nº 90300 - PUBLICIDADE SEMANA SANTA EMITIDA DENDE O 02/04/2009 ATA 12/04/2009
220110001598 22011000741	ADO 374/2009	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	562,36 562,36	B27235555 / FUTURES INFOGRAFIA, S.L. FRA.Nº 374/2009- 7974 FOTOCOPIAS OFICINAS PLANTA BAIXA E 13277 COPIAS 2º PLANTA DE 5-3/4-5-09
220110001599 22011000742	ADO 10904-964	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	602,91 602,91	B27000637 / EL PROGRESO,S.L. FRA.Nº 10904-964 - ANUNCIO PUBLICITARIO POLIGONOS INDUSTRIALES PUBLICADO O 02/04/09
220110001600 22011000743	ADO 10904-966	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	783,00 783,00	B27000637 / EL PROGRESO,S.L. FRA.Nº 10904-966 - ANUNCIO PUBLICITARIO SEMANA SANTA (7-8-10 ABRIL)



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

220110001601 22011000744	ADO 1897	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	8.120,00 8.120,00	E27261825 / LUZSON CB FRA.Nº 1897-ALUGUER ESCENARIO CUBERTO PARA FESTIVAL ARROCABO O DIA 5 DE XULLO DE 2008
220110001602 22011000745	ADO 1901	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	9.280,00 9.280,00	E27261825 / LUZSON CB FRA.Nº 1901-ALUGUER ESCENARIO CUBERTO CON ALAS LATERAIS PARA RESURRECTION FESTIVAL NO CAMPO DE FUTBOL 1-2 AGOSTO/08
220110001603 22011000746	ADO 1902	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	6.960,00 6.960,00	E27261825 / LUZSON CB FRA.Nº 1902-PERSOAL CARGA, DESC.,MONTAXE E DESM. ESCENARIO PARA RESURRECTION FESTIVAL NO CAMPO DE FUTBOL 1-2 AGOSTO/08
220110001604 22011000747	ADO 1913	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	6.960,00 6.960,00	E27261825 / LUZSON CB FRA.Nº 1913-ALUGUER DE SON E ILUMINACION O DIA 10 DE AGOSTO 2008 NA XXX MOSTRA FOLKLORICA INTERNACIONAL
220110001605 22011000748	ADO 1916	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	5.800,00 5.800,00	E27261825 / LUZSON CB FRA.Nº 1916-ALUGUER SON E ILUMINACION O DIA 11 AGOSTO 2008 DAS FESTAS PATRONAIS VIVEIRO 2008
220110001606 22011000749	ADO 1917	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	6.960,00 6.960,00	E27261825 / LUZSON CB FRA.Nº 1917-ALUGUER SON E ILUMINACION O DIA 12 AGOSTO (FORMULA V) DAS FESTAS PATRONAIS VIVEIRO 2008
220110001607 22011000750	ADO 1918	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	8.120,00 8.120,00	E27261825 / LUZSON CB FRA.Nº 1918 - ALUGUER SON E ILUMINACION O DIA 13 AGOSTO "LA SHICA+ALBERT PLA" NAS FESTAS PATRONAIS VIVEIRO 2008
220110001608 22011000751	ADO 1919	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	6.960,00 6.960,00	E27261825 / LUZSON CB FRA.Nº 1919 - ALUGUER SON E ILUMINACION O DIA 14 AGOSTO "QUIQUE GONZALEZ" NAS FESTAS PATRONAIS VIVEIRO 2008
220110001609 22011000752	ADO 1920	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	6.960,00 6.960,00	E27261825 / LUZSON CB FRA.Nº 1920 - ALUGUER SON E ILUMINACION O DIA 15 AGOSTO "IVAN FERREIRO" NAS FESTAS PATRONAIS VIVEIRO 2008
220110001610 22011000753	ADO 1923	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC.	5.520,00 5.520,00	E27261825 / LUZSON CB FRA.Nº 1923 - ALUGUER SON E E TECNICOS NO FESTIVAL VIVEIRO ROCK O 16 AGOSTO NAS FESTAS PATRONAIS VIVEIRO



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

EXTRAJUDICIAL				2008
220110001611 22011000754	ADO 1924	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	5.520,00 E27261825 / LUZSON CB 5.520,00 FRA.Nº 1924 - ALUGUER ILUMINACION E TECNICOS NO FESTIVAL VIVEIRO ROCK O 16 AGOSTO NAS FESTAS PATRONAIS VIVEIRO 2008
220110001612 22011000755	ADO 1926	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	5.220,00 E27261825 / LUZSON CB 5.220,00 FRA.Nº 1926 - PERSOAL CARGA E DESC.,MONTAXE E DESMT FESTIVAL VIVEIRO ROCK O 16 AGOSTO NAS FESTAS PATRONAIS VIVEIRO 2008
220110001613 22011000756	ADO 1927	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	6.960,00 E27261825 / LUZSON CB 6.960,00 FRA.Nº 1927 - ALUGUER EQUIPO SON, PANTALLA, PROXEC. FESTIVAL FOLK COVAS O 6 SETEMBRO 2008
220110001614 22011000757	ADO 1928	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	5.800,00 E27261825 / LUZSON CB 5.800,00 FRA.Nº 1928 - ASISTENCIA TECNICA DE SON E ILUMINACION CABALGATA REIS O 5 DE XANEIRO DE 2009
220110001615 22011000758	ADO P09/5739	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	466,32 A15000649 / LA VOZ DE GALICIA,S.A. 466,32 FRA.Nº P09/5739-ANUNCIO PUBLICITARIO O DIA 8 DE ABRIL DE 2009 CONVOCATORIA PRAZA DE ARQUIVERO
220110001616 22011000759	ADO P09/5738	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	466,32 A15000649 / LA VOZ DE GALICIA,S.A. 466,32 FRA.Nº P09/5738-ANUNCIO PUBLICITARIO O DIA 8 DE ABRIL DE 2009 CONVOCATORIA PRAZA CONSERXE COLEXIO PEDROSA LATAS
220110001617 22011000760	ADO F002/911	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	2.000,00 B27024090 / RESTAURANTE LOUZAO,S.L. 2.000,00 FRA.Nº F002/911 - PINCHOS SERVIDOS CON MOTIVO DO EVENTO "BANDAS E MUSICOS"
220110001618 22011000761	ADO 882BIS	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	1.072,20 76563470N / ATADELL FERREIRA JESUS FRA. 882 BIS IRPF. FACTURA 882 DECORACIONES ESCEARIO ANTROIDO 2008, DIA DAS LETRAS GALEGAS, EXPOSICION SAHARA , VERAN
220110001619 22011000762	ADO 884BIS	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	1.274,00 76563470N / ATADELL FERREIRA JESUS FRA. 884BIS I.R.P.F. FRA 884 GASTOS BELEN XANEIRO,2008



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

220110001620 22011000763	ADO 885BIS	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	908,00	76563470N / ATADELL FERREIRA JESUS FRA. 885BIS I.R.P.F. FRA. 885 COMPLEMENTO GASTOS BELEN XANEIRO,2008
220110001621 22011000764	ADO 10905-888	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	194,88 194,88	B27000637 / EL PROGRESO,S.L. FRA.Nº 10905-888 - ANUNCIO TRAMITACION AUTONOMICA "CREACION CENTRO SOCIOCUL. EN GALDO" PUBLICADO O DIA 15/05/09
220110001622 22011000765	ADO 10905-887	14/04/2011	2011 923 226 GASTOS CORRIENTES DIVERSOS EX. ANTER. RECOÑEC. EXTRAJUDICIAL	278,40 278,40	B27000637 / EL PROGRESO,S.L. FRA.Nº 10905-887 - PUBLICIDADE ACTUACION DE COOPER NO TEATRO PASTOR DIAZ PUBLICADO O DIA 1/05/09
